

# LINIKER E OS CAMELOWS

## MÚSICA PRETA BRASILEIRA

### Artista/banda

Procedentes da pequena cidade de Araraquara, ao sur de São Paulo, Liniker e os Caramelows son unha formación musical liderada por Liniker, unha muller transxénero chea de enerxía e personalidade con habilidades para queimar a pista de baile. No seu enérxico espectáculo prima o soul contemporáneo brasileiro, aínda que eles prefiren definir o seu estilo como Música Preta Brasileira (MPB), é dicir, nova música negra do Brasil.

### O espectáculo

O seu único LP conta con temas irresistibles e cheos de ritmo como *Louise du Brésil* cos que fixeron bailar sen freo ao público do Primavera Sound 2017 e do mesmo xeito atopamos cancións máis reflexivas con letras de temática social e política que reflicten sobre a experiencia de ser muller negra transxénero no Brasil, como na canción *Sem Nome mas con Endereço*.

### FICHA ARTÍSTICA

Liniker Barros: voz  
Péricles Zuanon: batería  
Eder França: saxo e flauta  
William Zaharanszki: guitarra  
Fernando TRZ: teclados  
Marja Lenski: percusión  
Renata Éssis: segunda voz  
Rafael Barone: baixo  
Duración: 75 minutos  
Público: todos os públicos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

